

Diario da Universidade de Vigo

(/universidade/comunicacion/duvi)

INICIO (/) / A UNIVERSIDADE (/UNIVERSIDADE) / COMUNICACIÓN (/UNIVERSIDADE/COMUNICACION) / DUVI (/UNIVERSIDADE/COMUNICACION/DUVI) / A UNIVERSIDADE PARTICIPA NUNHA REDE EUROPEA PARA FOMENTAR O USO DE NANOFLÚIDOS EN ENERXÍAS RENOVABLES

O proxecto está financiado pola UE con máis de medio millón de euros

A Universidade participa nunha rede europea para fomentar o uso de nanoflúidos en enerxías renovables

Participan nesta iniciativa máis de 35 grupos de investigación de 25 países

🔗 ETIQUETAS: ENTIDADES COLABORADORAS ESTUDANTES MEDIOS PAS PDI PÚBLICO EXTERNO VIGO DIVULGACIÓN INTERNACIONAL MEDIO AMBIENTE INVESTIGACIÓN



1 / 5

<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/media/duvi/2018-11/nanouptake0.jpg>

Integrantes da rede Nanouptake nunha xuntanza celebrada recentemente en Polonia

 BESADÍO / DUVI / 02/11/2018

A Universidade de Vigo é un dos socios da rede europea Cost Action Nanouptake, unha iniciativa integrada por máis de 35 grupos de investigación de 25 países con representación de universidades, centros de investigación e empresas do sector que traballan conxuntamente para fomentar o uso dos nanoflúidos nas enerxías renovables. A acción durará ata abril de 2020 e contan cun financiamento próximo aos 500.000 euros, con cargo ao programa Horizonte 2020, do que forman parte as denominadas acción Cost (Cooperación Europea en Ciencia e Tecnoloxía), un dos marcos máis amplos de colaboración a escala internacional.

“O noso obxectivo é fomentar o uso destes materiais e aumentar así a eficiencia dos sistemas de intercambio térmico con múltiples aplicacións, por exemplo, todas aquelas baseadas en fontes renovables como a enerxía solar”, explica o profesor do Departamento de Física Aplicada Luis Lugo, coordinador en Vigo do proxecto, que fai fincapé en que desde a Unión Europea buscan con esta acción impulsar a investigación neste tipo de tecnoloxías enerxéticas máis seguras, limpas, eficientes e respectuosas co medio ambiente.

O profesor Luis Lugo forma parte do comité de xestión da rede

Liderada pola doutora Leonor Hernández da Universitat Jaume I, a Universidade de Vigo é unha das integrantes do comité de xestión da rede. “Levamos xa varios anos traballando nestes temas e para nós formar parte desta acción e do propio comité de xestión é unha grande oportunidade”, recalca Lugo, quen explica que ademais do seu grupo, Física Aplicada II, tamén está integrado na

rede o grupo de Enxeñaría Solar e Refrixeración, baixo a dirección do profesor José Fernández Seara. “Na nosa Universidade o traballo focalízase na mellora dos sistemas de transferencia de calor e almacenamento enerxético”, explica Lugo, ao que engade que, “de feito”, concedéronlle xa varios proxectos de investigación do programa Retos do Ministerio de Economía e Competitividade, algúns deles en colaboración co grupo NaFoMat da Universidade de Santiago de Compostela e o apoio de compañías do sector como a Fundación Iberdrola, Enel Green Power ou ArcelorMittal.

“Se ben actualmente existen xa algunhas aplicacións a gran escala como a que nós estamos a tratar de desenvolver, a maioría dos nanoflúidos atópanse aínda nun nivel de preparación tecnolóxica, polo que unha investigación coordinada entre diferentes grupos internacionais é clave para conseguir superar a barreira da aplicación comercial”, explica o responsable en Vigo da rede.

Formación punteira sobre futuras tendencias no uso de nanoflúidos

Dentro das diversas actividades que leva a cabo a rede, recentemente celebrouse na Rzeszów University of Technology unha escola de formación na que participaron preto de medio cento de especialistas de centros pioneiros do ámbito europeo. Desde a Universidade de Vigo participou como poñente o investigador do Departamento de Física Aplicada David Cabaleiro, quen agora se atopa realizando unha estadía no Consello Nacional de Investigación de Italia, na súa sede de Padua. “Esta reunión supuxo tamén un fortalecemento para a formación punteira e o coñecemento de futuras tendencias do uso de nanoflúidos para os nosos estudantes de doutoramento Javier Pérez, Marco A. Marcos e José L. Iglesias”, recalca Lugo.


Durante os tres días que durou a escola, as persoas asistentes tiveron a oportunidade de participar en conferencias impartidas por especialistas de diversas universidades e centros de investigación, así como de realizar un breve adestramento práctico no traballo con estes novos materiais. “Os temas tratados centráronse fundamentalmente no potencial que o uso de nanoflúidos ofrece ao deseño de sistemas de captación, transporte e almacenamento enerxético”, explica Cabaleiro, que apunta tamén que, “en especial”, as e os participantes puideron coñecer e avaliar posibles aplicacións térmicas nas que estes materiais poden potenciar o uso de fontes renovables de enerxía.

Estancias internacionais


Ademais das escolas formativas, ao abeiro deste proxecto téñense tamén levado a cabo diversas estancias e colaboracións tanto dos integrantes do grupo da Universidade de Vigo no estranxeiro como por parte de prestixiosos investigadores foráneos en Vigo correspondentes á Université de Rennes 1 (Francia), CNR-National Institute of Optics de Florencia (Italia), Rzeszów University of Technology (Polonia), Gheorghe Asachi Technical University of Iași (Rumanía), CNR-Istituto per le Tecnologie della Costruzione de Padua (Italia), Saint Petersburg State University (Rusia), University of Lisbon (Portugal) ou na University of Birmingham (Reino Unido).


- ✓ [A Universidade \(/universidade\)](/universidade/)
- ✓ [Comunicación \(/universidade/comunicacion\)](/universidade/comunicacion/)
- ✓ [Duvi \(/universidade/comunicacion/duvi\)](/universidade/comunicacion/duvi/)

[Quiosco \(/universidade/comunicacion/duvi/quiosco\)](/universidade/comunicacion/duvi/quiosco/)

 BUSCAR

- > [RSS \(/universidade/comunicacion/duvi/feed\)](/universidade/comunicacion/duvi/feed/)
- > [DUVI 2001-2007 \(http://duvi2.uvigo.es/\)](http://duvi2.uvigo.es/)

 INFORMACIÓN
+34 986 812 000
[informacion@uvigo.es \(mailto:informacion@uvigo.es\)](mailto:informacion@uvigo.es)

 CAMPUS DE OURENSE (/campus/ourense-campus-auga)
+34 988 387 102

- > Campus da auga (/campus/ourense-campus-auga)
- 📍 CAMPUS DE PONTEVEDRA (/campus/pontevedra-campus-crea)
+34 986 801 949
- > CampusCREA (/campus/pontevedra-campus-crea)
- 📍 CAMPUS DE VIGO (/campus/vigo-campus-vigo-tecnoloxico)
+34 986 812 000
- > VigoTecnolóxico (/campus/vigo-campus-vigo-tecnoloxico)

- > CONTACTO (/contacto)
- > CAIXA DE QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/qsp/>)
- > OUTRAS WEBS INSTITUCIONAIS (/universidade/informacion-institucional/outras-webs-universidade-vigo)
f (<https://www.facebook.com/uvigo>) **t** (<https://twitter.com/uvigo>)
(<https://www.youtube.com/user/uvigo>)
(<https://www.instagram.com/universidadedevigo/>) (<http://itunes.uvigo.es/>)

CAMPUS DO MAR (<http://campusdomar.es>)
- > TRANSPARENCIA (<https://transparencia.uvigo.es>)
- > EMERXENCIAS (/campus/vantaxes/emexencias)
- > MURO SOCIAL (/universidade/comunicacion/redes-sociais)

Aviso legal (/aviso-legal) | Protección de datos (<https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>)
| Accesibilidade (<https://www.uvigo.gal/accesibilidade>)

